



A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA DENUNCIA A ENCE POR INCUMPRIMENTO DA LEI DE AUGAS DE GALICIA

A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) vén de presentar diante da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental unha denuncia contra a empresa ENCE polo incumprimento da lei 9/2010 de augas de Galicia. En efecto, nunha das inspeccións realizadas por Augas de Galicia, o representante da empresa, que acompaña ao inspector asegura que habitualmente proceden a mesturar augas limpas procedentes da captación da empresa no Río Lérez (almacenadas nas denominadas agora balsas de emerxencias) coas augas residuais contaminadas procedentes da depuradora da empresa antes do seu vertido.

E pretende xustificar a empresa que esta mestura de augas limpas e contaminadas realízase, sobre todo, para rebaixar a temperatura do vertido cando esta é moi elevada, unha xustificación sorprendente xa que a Autorización Ambiental Integrada da empresa non establece ningún límite para a temperatura do vertido polo que a empresa non precisaría controlar este parámetro. Coñecendo o desprezo que ENCE ten polo cumprimento da lexislación, que lle leva a non facer ningún esforzo por rebaixar a concentración dos contaminantes realmente daniños, resulta absolutamente absurdo e incríbel este afán por controlar a temperatura dos vertidos.

Para a APDR sempre resultaron sorprendentes algúns dos resultados aportados por ENCE á Xunta de Galicia para algún dos parámetros que miden a calidade de vertido, uns valores que aínda estando por riba do permitido pola lexislación para as augas residuais, resultan contraditorios cos obtidos por augas de Galicia, que refire sempre concentracións máis elevadas para estes parámetros. Co recoñecemento expreso dos responsábeis da empresa da manipulación dos caudais, manipulación constatada polos inspectores de augas de Galicia, explícase definitivamente esta contradición: ENCE rebaixa mediante dilución os valores da carga contaminante dos seus vertidos.

Pero esta práctica, expresamente prohibida pola lei de augas de Galicia, está sendo permitida pola administración, que está a mirar para outro lado mentres ENCE incumpre a lei. ENCE engana con esta práctica ilegal á Administración e á cidadanía, á que pretende facer crer que a contaminación é menor da real; pero, ademais, está a derrochar a auga limpa, un recurso valioso na nosa bisbarra que se estraga de forma inxustificada.

E todos estes argumentos fundamentan a denuncia que a APDR ven de presentar e na que se esixe a apertura dun expediente sancionador e a adopción de medidas que impidan esta práctica ilegal, fundamentalmente o bloqueo de calquera posibilidade de transvase de auga limpa áo canle polo que discurren as augas contaminadas de ENCE antes da súa entrada ao emisario submarino e a intensificación da vixilancia para evitar esta dilución ilegal que falsea os resultados das analíticas que se realizan.

Pontevedra, a 18 de abril de 2014

Asdo.: Benito Andrade, vicepresidente da APDR.